

ACTA COORDINADORA 02 XUÑO 2017

Sendo as 18:30 horas do día 2 de xuño, reúnese a Coordinadora para tratar a seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior
2. Decisión asesoramento técnico ás Mareas Locais
3. Comunicación. Páxina web
4. Carta financeira
5. Plan de expansión territorial e apoio ás mareas: Calendario de creación de novas mareas
6. Consello: vacantes e convocatoria
7. Actualidade políticas
8. Varios

Asistentes: Luís Villares, Vitoria Esteban, Elena Cores, Gonzalo Rodríguez, Ana Seijas, Sara Torreiro, e Chelo Martínez.

Xustifican inasistencia Alfonso Diz, Mario López, Pancho Casal, Iria Morgade e Esther Duro.

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Apróbase a acta anterior.

2. Decisión asesoramento técnico ás Mareas Locais

Informa Luís das ofertas dos distintos despachos de avogados (Praza, Galivalia, Stellgus, Trepát e Rey Piñeiro) e tras avaliar as ofertas e prezos e o perfil das persoas concretas que se farán cargo acórdase seleccionar o despacho de Trepát.

3. Comunicación

Páxina web.- Rematado o traballo técnico. Requiriranse os documentos que faltan para colgar na web. Debemos editar un tema semanal. A próxima semana o tema central será a moción de censura.

Acórdase facer unha nova lona de EM, máis actualizada. Publicaranse vídeos

das xornadas que se realicen coa lona de fondo.

4. Carta financeira

Artigo 5. Tras un longo debate, mantéñense 2 posturas. Unha que defende a Carta financeira e outra que acepta a proposta de Podemos.

5. Plan de expansión territorial e apoio ás mareas: Calendario de creación de novas mareas

Celebraremos un monográfico sobre o tema. Redactarase un relatorio para o plenario.

Na próxima coordinadora tratará só 2 temas: Expansión territorial e relatorios plenario.

6. Consello: vacantes e convocatoria

Contactarase coa persoa substituta para trasladarlle a súa incorporación ao Consello. En caso de non aceptar, falaríase coa seguinte ata conseguir unha incorporación.

Convocarase o Consello para o día 17. Aproveitarase para convocar un acto aberto ás mareas locais para presentar a páxina web e a asesoría das mareas municipais.

Orde Día:

Aprobación acta anterior

RPT

Regulamentos Coordinadora e Consello

Carta financeira

Substitución membros Consello

Organización plenario e orde do día do mesmo

Informe da Coordinadora e dación de contas

7. Actualidade política

Moción de censura. EM debe tomar iniciativa ao respecto. En canto á asistencia de Luís ao debate no Congreso queda supeditada ao papel que se lle outorgue en Madrid. Negociarán Mario e Sara.

9. Varios

- Local. Segue pendente da decisión de CA, mentres EM aboará as cotas.
- 25 de xullo. Coincide co 1º aniversario de EM polo que neses días farase un traballo de comunicación en relación á traxectoria de EM. Queda pendente o deseño do acto.
- Contratacións grupo parlamentario. Suxerirémoslles que abran as contratacións ás persoas inscritas EM
- Referendo Catalunya. Van facer un acto o día 10 pola mañán en Compostela onde reproducirán con persoas o acto de votar en urna. Piden persoa de contacto e participación.
- Próxima Coordinadora: día 5 ás 5:30 h.
- Marea sectorial universidade. Queren impulsala.

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 22:45 horas.